

TRIBUNAL 1. Proceso selectivo CRTVG

Ano convocatoria: 2011

Categoría: **46T02 – Locutor de televisión**

Tipo de acceso: Libre

Sistema selectivo: Concurso oposición

**Desenvolvemento das probas de locución e galego oral.
Criterios de valoración**

Categoría: LOCUTOR DE TELEVISIÓN

As probas comezarán co chamamento de cada un dos aspirantes seguindo a orde establecida na convocatoria. Identificaranse a través do seu DNI. A continuación entregaráselle a cada aspirante un texto elixido por sorteo na súa presenza, entre os seleccionados polo tribunal, que terá unha extensión de entre 170 e 190 palabras.

Tal e como figura na convocatoria, na proba de locución poderá obterse unha puntuación máxima de 30 puntos. Para a valoración da mesma, o Tribunal terá en conta os seguintes criterios:

- Cor, calidade, timbre e identidade da voz
- Articulación
- Vocalización
- Ritmo
- Flexibilidade ou versatilidade

Na proba de galego oral, tal e como figura na convocatoria, poderá obterse unha puntuación máxima de 15 puntos, sendo eliminatoria por debaixo do 40% de dita puntuación. Para a valoración da mesma, os lingüistas membros do Tribunal terán en conta os seguintes criterios:

- A pronunciación de vogais e grupos vocálicos
- A pronunciación das consoantes e grupos consonánticos
- A entoación e trazos suprasegmentais


Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2011

O Presidente do Tribunal



Luís Celeiro Álvarez

O Secretario do Tribunal



Antonio Valle Arias